

XVI CARREIRA POPULAR DE BETANZOS.

“IV Circuito Carreiras Populares Deputación da Coruña”

Sábado 13 de agosto a partir das 11:00 h

O Concello de Betanzos organiza a XVI edición da súa Carreira Popular de Betanzos o sábado 13 de agosto a partir das 11 horas na localidade de Betanzos baixo o control técnico do Comité Galego de Xuices da Federación galega de Atletismo. Esta carreira está integrada dentro do IV Circuito de Carreiras Populares da Deputación Provincial da Coruña que se desenvolverán ao longo do 2016.

As probas rexiranse polo seguinte regulamento:

As probas disputaranse na localidade de Betanzos. A saída e chegada da proba farase na Rúa do Castro. O circuito estará debidamente sinalizado (Percorridos polo casco histórico).

Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, con ou sen licenza federativa. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

As inscricións das probas poderán realizarse na páxina web www.carreirasgalegas.com con data límite o xoves 11 de agosto ás 23:59h horas.

PREZOS DA INSCRICION

- PROBA ABSOLUTA (de junior a veteráns): 5 € por participante. O pago da inscrición poderá realizarse pola pasarela de pago da páxina web www.carreirasgalegas.com.
- PROBAS DE MENORES: Inscrición gartuita

Non se admitirán inscricións fóra do prazo establecido nin se admitirán inscricións o día da carreira.

Os dorsais retiraranse na na caseta situada ao carón da saída con tempo límite media hora antes do inicio da proba.

Categorías, distancias e horarios de saída:

ABSOLUTA, Masculina e feminina: 6000 m. 11:00 h

Veterán 4 1956 e anteriores

Veterán 3 1957-1966

Veterán 2 1967-1976

Veterán 1 1977-1981

Sénior 1982-1993

Promesa 1994-1996

Júnior 1997-1998

MENORES, masculino e feminino:

Xuvenil	1999-2000	1400 m	11:50 h
Cadete	2001-2002	1400 m	11:50h
Infantil	2003-2004	1400 m	11:50 h
Alevín	2005-2006	700 m	12:10 h
Benxamín	2007-2008	700 m	12:20 h
Pitufos	2009-2011	150 m	12:30 h
Chupete	2012-2015	150 m	12:30h

PREMIOS:

- Medallas para os tres primeiros clasificados de cada categoría, masculinos e femininos, a partir da categoría benxamín.
- Trofeo para os vencedores na categoría absoluta masculina e feminina.
- Medallas para todos os nenos e nenas das categorías Pitufos e Chupetes.
- Todos as persoas participantes recibirán un agasallo.

Os atletas que obteñan algún premio poderáselles solicitar que acrediten a súa idade coa presentación do DNI ou pasaporte.

1. Todo/a corredor/a que chegue á meta sen o seu dorsal ou non o leve colocado de xeito correcto na zona anterior do corpo, será automaticamente descalificado.
2. Aínda que a proba sexa de carácter estritamente deportivo e popular, admitiranse reclamacións, pero agárdase un espírito e un comportamento deportivo por parte de todos os participantes. As reclamacións aos resultados oficiais formularánselle ao xuíz árbitro da competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados.
3. O horario da saída poderá ser modificado, a criterio do xuíz árbitro da proba, en función das circunstancias.
4. Haberá servizo de duchas e vestiarios disposición dos atletas no Pavillón Municipal do Carregal.
5. Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ó lugar da competición ou desde o mesmo.
6. Coa realización da inscrición todo participante cede os seus dereitos de imaxe á Organización, que utilizará ditas imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

7. Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo o que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

8. A organización dispoñerá de SERVICIOS MÉDICOS E AMBULANCIA Os Servicos médicos, están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifestase un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma. Así mesmo, recoméndase a todos os inscritos, leven a cabo antes de tomar parte na carreira un recoñecemento de aptitude médico-deportivo que descarte calquera patoloxía que impida a súa participación.

9. O descoñecemento de este regulamento non exime do seu cumprimento.

10. Todo o non previsto na presente regulamento se rexerá polas normas de competición da FGA, RFEA e IAAF para a presente tempada.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow 13 – 15008 A Coruña.